



Finalidade

Difundir as posibilidades da educación, da ensinanza e da Formación Profesional en Galicia, para orientar o alumnado e a sociedade en xeral sobre a súas oportunidades de promoción no sistema educativo e de inserción laboral.

- Ofrecerlles aos visitantes toda a información sobre a oferta formativa da formación profesional, programas de cualificación profesional inicial e ensinanzas deportivas e artísticas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Informar e orientar de modo individual sobre itinerarios formativos, liñas de bolsas, axudas, premios e residencias para o alumnado.
- Difundir as posibilidades da aprendizaxe permanente, a formación de adultos e a formación ao longo da vida (formación-emprego-formación).
- Informar sobre o espazo europeo de educación superior, programas europeos e mobilidades formativas no estranxeiro (Erasmus, Leonardo, ...).
- Destacar as relacións entre os ciclos formativos de grao superior e a universidade (acceso e recoñecemento de créditos).
- Coñecer as ensinanzas máis demandadas polos sectores produtivos de Galicia.
- Destacar a importancia da cultura do emprendemento no noso alumnado.
- Achegar a información sobre o sistema de acceso a ciclos formativos e a universidade.
- Divulgar o papel da formación profesional na promoción científica e tecnolóxica de Galicia.
- Difundir as posibilidades que ofrece a Rede de Centros Integrados de Formación Profesional, a súa estrutura de funcionamento e o seu achegamento ás cualificacións demandadas polas empresas.
- Dar a coñecer o protagonismo e as oportunidades dos titulados de formación profesional no mundo laboral, como emprendedores ou como traballadores, que dan resposta ás novas demandas de profesionais, enriquecendo o tecido produtivo de Galicia.
- Dar repostas ás familias e ás AMPA sobre as posibilidades educativas e formativas dos seus fillos.
- Expoñer ao profesorado e á sociedade en xeral as posibilidades que pon a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en materia de idiomas, de TIC (Proxecto Abalar, emprendimiento, innovación educativa, ...), etc.
- Difundir outras posibles accións da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.